

## Consulta pública sobre medidas de apoio de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais de Galicia

### ANEXO II. DESCRICIÓN DA MEDIDA

A Xunta de Galicia propónse a execución de medidas de apoio para dotar de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais e illadas que carecen da devandita cobertura, é dicir, zonas nas que non se poden realizar actualmente chamadas de voz con redes de telefonía móbil con ningún operador.

Esta medida consistiría na convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixida a operadores de telefonía móbil para a cobertura das zonas obxectivo, que se vería complementada coa construción de infraestruturas de soporte públicas (torres e casetas) naqueles casos nos que resultase preciso para a prestación destes servizos.

#### PROXECTOS OBXECTO DA AXUDA

As axudas irían destinadas a proxectos de extensión de redes de cobertura de telefonía móbil que permitan a comunicación de voz a través de terminais de usuario estándar (teléfonos móbiles), considerando cobertura válida aquela que garanta a prestación dun servizo de voz en mobilidade e cun nivel de sinal mínimo outdoor superior a -90dBm, na tecnoloxía que preste o servizo de voz en mobilidade. O prazo máximo previsto para o despregamento da rede sería ata o 31 de outubro de 2023.

Os operadores presentarían as súas propostas de cobertura de zonas obxectivo, podendo presentar un ou varios proxectos, que se valorarían de xeito independente, non establecéndose alcances mínimos por proxecto, mais alá da cobertura dalgunha zona obxectivo. En todo caso, non se concederían axudas a máis dun proxecto para cubrir a mesma zona obxectivo.

Os beneficiarios estarían obrigados a operar a rede durante un mínimo de 10 anos, asegurando a dispoñibilidade do servizo nas zonas subvencionadas.

Todas as redes obxecto de axuda terán obrigacións de prestación de servizos grosistas, que se someterán ao ditame das autoridades nacionais de regulamentación.

#### CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Só serían obxecto de subvención aquelas redes que se empreguen, na súa totalidade ou principalmente, para a prestación de servizos de voz en mobilidade dispoñibles para o público nas zonas obxectivo, quedando por tanto descartadas as redes privadas destinadas á prestación de servizos a un conxunto restrinxido de usuarios e as redes puramente troncais que non están destinadas directamente á prestación de servizos a usuarios finais nas zonas obxectivo.

Consideraríanse gastos subvencionables a subministración e instalación de equipamento, software e outros elementos asociados, así como os gastos de planificación, enxeñería e dirección facultativa de obra.

Os gastos de infraestruturas e obra civil non serían subvencionables.

### INFRAESTRUTURAS DE APOIO

Nos casos nos que resulte preciso, os beneficiarios poderían solicitar a execución de infraestruturas públicas de soporte para a instalación do equipamento, que se executarían por parte da Xunta de Galicia e poñeríanse ao dispor de todos os operadores en condicións transparentes, equitativas e non discriminatorias, cun plan de prezos público e orientado a cubrir os custos de mantemento.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración dos proxectos sería comparativa, adxudicándose as axudas por orde de puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible.

Contémpanse os seguintes aspectos valorables:

- **Zonas obxectivo cubertas:** maior valoración cantas máis zonas cúbranse. A este respecto indicar que se consideraría unha zona cuberta cando se cubra un mínimo dun 90% da mesma nas condicións anteriormente comentadas de cobertura válida. Este criterio prioriza o desenvolvemento de proxectos que atendan a ámbitos territoriais de maior amplitude.
- **Ponderación entre a cobertura e o importe da subvención solicitada:** outorgarase maior puntuación a aqueles proxectos que ofrezan un mellor cociente entre a subvención total solicitada e as zonas cubertas. Priorizándose así os proxectos que supoñan un maior esforzo investidor por parte do solicitante, favorecendo a eficiencia na execución dos fondos públicos, considerando así os proxectos que requiren unha menor intensidade de subvención por zona cuberta.
- **Poboación obxectivo á que se dota de cobertura:** outorgando maior puntuación aos proxectos que ofrezan cobertura á maior cantidade de poboación, favorecendo o desenvolvemento de proxectos que benefician a un maior número de habitantes das contornas rurais.
- Outros aspectos valorables: considérase tamén a valoración doutros aspectos, pero con menor peso, como a **celeridade no despregamento**, a robustez e fiabilidade da **solución tecnolóxica** proposta ou o plan para o **seguimento e control** do proxecto.